

Información da reunión da Comisión Central de Contratacións do 28/05/2024

CIG-Saúde denunciámos que as previsións de publicación das listas son inaceptables.

Axúntase cadro entregado hoxe polo SERGAS.

CIG-Saúde denunciámos que estas previsións son inaceptables e que a publicación das listas non pode ser con posterioridade á oferta da contratación do verán, xa que é o período de máxima contratación do ano.

Esiximos que de cara o ano que ven se acurten os prazos e que as listas definitivas das diferentes categorías se publiquen antes da oferta de contratación do verán.

O SERGAS informa que **na categoría de FEA de atención hospitalaria vai retrasarse a publicación definitiva das listas a xuño**, porque prevén ter xa rematada a fase de oposición e **así incluír as notas nestas listas**. Informan tamén que se ampliará o prazo, nesta categoría, ata o 31 de xullo para modificar a inscrición. **Tanto a entrega e cómputos de méritos como as novas inscricións continuarán tendo como data límite o 30 de xuño.**

En canto ao resto de categorías din que van tratar que as listas definitivas inclúan a nota do exame de oposición.

Rogos e preguntas

CIG-Saúde solicita de novo un protocolo de xestión para a oferta dos nomeamentos administrativos nas mulleres embarazadas. Lembramos que os nomeamentos administrativos están previsto só para aquelas situacións onde non é posible a formalización dun nomeamento ordinario.

CIG-Saúde solicitamos información sobre a negociación do novo pacto. A Administración di que non sabe dicir próximas convocatorias de reunión e/ou prazos debido aos cambios na Consellería.

